



Concello de Cangas

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/44	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	8 de outubro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:02 ata as 20:16 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 1 de outubro de 2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 1 de outubro de 2018.

**Expediente 4313/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4313/2018.- Conceder C.M.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en estrada de Aldán, nº X-Cunchido-Darbo, titular do DNI nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza URNU, instalar un elevador hidráulico apto para persoas no interior dunha vivenda existente sita en estrada de Aldán, nº X-Cunchido-Darbo (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto J.R.L. asinado o 28.08.2018 e vista a autorización da AXI de data 20 de setembro de 2018. O presuposto de execución material das obras ascende a dezasete mil catrocentos oitenta euros (17.480,00 €).

**Expediente 4057/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4057/2018.- Expediente de obras nº X.- LICENZA Nº X.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a "FRANCISCO POUSADA PIÑEIRO SL", con enderezo en estrada de Aldán, nº X-Seixo-Darbo, para unha vivenda unifamiliar, sita no lugar de Vilariño-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº X (referencia catastral X), de conformidade cos deseños de estado final visados o 22.06.2018 e tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 29 de agosto de 2018 e co informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 1 de outubro de 2018.

Apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**Expediente 7835/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Concello de Cangas**



EXPEDIENTE 7835/2018.- Conceder a J.C.M.V., con enderezo a efectos de notificacións en rúa do Igrexario, nº X-O Hío, titular do DNI nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza SNUN, reformar unha vivenda unifamiliar sita no Igrexario, nº X-O Hío (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico básico elaborado pola arquitecta M.T.F.I. de data decembro de 2017. A licenza outorgarase condicionada a cumprir coas condicións impostas nas autorizacións emitidas pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e polo servizo de infraestruturas da Deputación de Pontevedra, a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución visado e oficios de dirección de obra e de execución destas, cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende corenta e nove mil novecentos corenta euros (49.940,00 €).

#### Expediente 4077/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4077/2018.- Autorizar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nºX PB-Vigo, a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para para en rúa A Palma, nº X (Expte. Nº: SDG: X) canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 6,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en agosto de 2018, o presuposto de execución material ascende a setecentos vinte e nove euros con sesenta céntimos (729,60 €), coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de cincocentos corenta e catro euros con corenta e catro céntimos (544,44 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.



\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

#### Expediente 3178/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 3178/2018.- Conceder a E.A.P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Doctor Corbal, nº X-X-Vigo, titular do DNI nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza SNUN, rehabilitar 65,30 m<sup>2</sup>., de planta semisoto e 85,00 m<sup>2</sup>., de planta baixa e ampliar 16,85 m<sup>2</sup>., a planta baixa dunha vivenda unifamiliar sita en estrada a Vilanova, nº X-O Hío (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto A.U.R., visados o 18.06.2018 e 26.08.2018. A licenza outorgarase condicionada a que deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a sesenta e seis mil euros (66.000,00 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada nunha acta de cesión dunha superficie de 16.56 m<sup>2</sup>., destinada a sistema viario e a fianza depositada en Abanca en data 27.09.2019, por importe de mil catrocentos trinta e nove euros con noventa céntimos (1.439,90 €).

#### Expediente 4434/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4434/2018.- Outorgar a S.P.R., con enderezo en rúa Pardiñas, nº X-Vigo, modificación da licenza de obras nº X, que autorizaba a construción de unha vivenda unifamiliar no lugar das Barreiras-Darbo, regulado pola Ordenanza 11, solo non urbanizable de núcleo rural (SNUN), no sentido de que as obras se axustarán á memoria e aos deseños de estado final elaborados polo arquitecto A.P.V., visados polo colexio oficial correspondente o 31 de agosto de 2018.

Acéptase a fianza para garantir as obras de urbanización depositada en Abanca, por importe de trescentos dous euros con cincuenta e oito céntimos (302,58) o 1 de outubro de 2018.

#### Expediente 3734/2018. Comunicación previa en materia urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**



Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3734/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por B.C.P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Bueu, nº X-Cangas, para apertura de oco en cerramento de finca existente para dotar de acceso rodado á parcela sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 17 de xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a trescentos trinta euros con cincuenta e oito céntimos (330,58 €).

Acéptaselle a cesión dunha franxa de terreo de 8,70 m2., de data 27 de setembro de 2018.

**Expediente 4808/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4808/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.R.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Ferrol, nº X, para reformas interiores en rúa Concepción Arenal, nº X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 14 de setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil setecentos vinte e un euros con trinta e seis céntimos (2.721,36 €).

**Expediente 4825/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4825/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por S.S.F., para movemento de terras e solado de formigón no lugar da Avda. da Coruña, nº X-Darbo, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a oitocentos euros (800,00 €).

**Expediente 4140/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4140/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R.R.R., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Remuíño, nº X-Piñeiro-Aldán para chorreado, limpeza e encintado de fachadas, substitución de carpintería exterior, cámara de aire interiores, pintado de paramentos interiores e a instalación eléctrica e fontanería de vivenda tradicional sita en rúa Remuíño, nº X-Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a dezaseis mil seiscentos vinte e sete euros (16.627,00 €).



<b>Expediente 4468/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 4468/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.M.G., para a construción de un cerramento de 135 ml., sito no lugar de rúa Canabal-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil cincocentos cincuenta euros con cincuenta céntimos (3.550,50 €).	

<b>Expediente 4529/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 4529/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C.O.C., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Bueu-Vilariño, nº X-Cangas, para cambio de cuberta, carpintería exterior e mellora enerxética de vivenda sita no lugar Praia de Vilariño, nº X-Vilariño (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto Rafael Oliveira Souto de agosto de 2018 e vista a declaración responsable presentada perante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 31 de agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a dez mil corenta euros con vinte céntimos (10.040,20 €).	

<b>Expediente 5094/2017. Comunicación previa de apertura de actividade</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 5094/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "El Colmado de Marujamaría", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, nº X-Cangas, titular do CIF nº X, para actividade de venda e degustación de produtos alimenticios e produtos de artesanía no local sito en rúa Real, nº X-Cangas (referencia catastral X), visto o informe favorable do arquitecta municipal de data 28.09.2018.	

<b>Expediente 6425/2017. Proposta da Alcaldía de incoación de expediente de restauración da legalidade urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 26.09.2018, referente a expediente nº 6425/2017 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:  <i>"Resultando que no lugar de San Pedro-Darbo, polos responsables que se indican nesta</i>	



*proposta se realizaron obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar reforma exterior e interior en edificación de planta baixa.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, S.J.F., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicase ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciránse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a S.J.F., por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; Realizar reforma exterior e interior en edificación de planta baixa no lugar de San Pedro-Darbo*

*SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) ao interesados indicándolle que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu*





*caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*

*SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente".*

**Expediente 4340/2018. Proposta da xefa de urbanismo para participación no Programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/  
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 04.10.2018 da xefa de urbanismo, referente a participación no Programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, que di:

*"En data 02.10.2018 o Instituto Galego de Vivenda e Solo, require unha serie de documentación para a participación do Concello de Cangas no Programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, ao abeiro de resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo de 3 de agosto de 2018 (DOG nº 156, de 17 de agosto). Esta documentación é a seguinte:*

- a) Datos esixidos polo Ministerio de Fomento cubrindo a información do anexo que se achega.*
- b) Memoria programa co contido relacionado na citada normativa.*

*Así mesmo se comunica o financiamento máximo previsto para o Programa de rexeneración e renovación urbana e rural que se propón para o Concello de Cangas.*

	<i>Achega Ministerio de Fomento</i>	<i>Achega Comunidade autónoma</i>
<i>Anualidade 2018</i>	<i>375.446,53 €</i>	<i>136.812,72 €</i>

*Polo anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMERO.- Tomar coñecemento do escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo recibido en data 02.10.2018, referente ao requirimento de documentación para participación do Concello de Cangas no Programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de Vivenda*





**Concello de Cangas**

2018-2021, así como, do financiamento previsto para o referido programa.

*SEGUNDO.- Aprobar a memoria-programa á que se refire o punto décimo primeiro da Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo de 3 de agosto de 2018, de acordo co artigo 49 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, así como, a ficha-resume de datos da actuación, establecida polo Ministerio de Fomento.*

*TERCERO.- Dar traslado do presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo."*

**Expediente 4671/2018. Concesión de Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a J.M.O., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: catrocentos vinte e tres euros con oitenta e cinco céntimos (423,85 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: setenta e sete euros con oitenta e nove céntimos (77,89 €/mes).

Número de horas: 35 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 8 de outubro de 2018.

**Expediente 4672/2018. Concesión de Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a M.C.B., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 161,57 €/mes.

- Número de horas: 70 horas.

- Data de efectos de alta no SAF: a partir do 8 de outubro de 2018.

**Expediente 4729/2018. Concesión de Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a C.G.L., con DNI nº X e con expediente nºX, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custe do servizo total: oitocentos corenta e sete con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento quince euros con corenta e un céntimos (115,41 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de outubro de 2018.

**Expediente 1908/2018. Concesión de Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\*CONCEDERLLE a F.B.D.J., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento corenta e oito euros con corenta e cinco céntimos (148,45 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 8 de outubro de 2018.

**Expediente 4728/2018. Concesión de Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a J.F.R., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal
- \* Atencións de carácter psicosocial
- \* Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento quince euros con corenta e un céntimos (115,41 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de outubro de 2018.

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

<b>Expediente 4673/2018. Concesión de Servizo de axuda no fogar</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a M.S.I., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>* Atencións de carácter persoal.</li><li>* Atencións de carácter psicosocial.</li><li>* Atencións de carácter doméstico.</li></ul> <p><u>Custe do servizo total:</u> cincocentos cincuenta e sete euros con seis céntimos (557,06 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> cento setenta e nove euros con corenta céntimos (179,40 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 46 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 15 de outubro de 2018.</p>	

<b>Expediente 2145/2017. SAF 3104/01. Concesión de Servizo de axuda no fogar</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a J.O.P., con DNI nº X e con expediente nº X, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>* Atencións de carácter persoal.</li><li>* Atencións de carácter psicosocial.</li><li>* Atencións de carácter doméstico.</li></ul> <p><u>Custo total do servizo:</u> douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> 0,00 €/mes.</p>	

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Número de horas: 20 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 15 de outubro de 2018.

**Expediente 2170/2017. SAF 639/01. Variacións no Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* DAR DE BAIXA a D. C.C.C., con DNI nº X e con expediente nº X do Servizo de axuda no fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 4 de setembro de 2018.

**Expediente 2184/2017. SAF 1714/01- Variacións no Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* DAR DE BAIXA a M.T.A.S., con DNI nº X e con expediente nº X do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 19 de setembro de 2018.

**Incidencias:**

Nestes intres entra na sala de sesións a concelleira, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Sasntos.

**Expediente 3008/2018. Proposta do concelleiro de ensino e deportes para aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar (curso 2018-2019)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 03.10.2018 do concelleiro de ensino e deportes, referente a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar para o curso 2018/2019, que é como segue:

*"2ª PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR - CURSO 2018/2019.*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*Xoán Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de ensino e deportes do Concello de Cangas.*

**PROPÓN**

*A Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2018-2019.*

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE DNI	APELIDOS, NOME USUARIO/USUARIA COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA // DIAS	BONIFICACION	IMPORTE AXUDA PROPOSTA	RESOLUCION	MOTIVO
11.161	P. C., A.	P. P., A. Nado o 26/07/11	ESPIÑEIRA FIXA	100%	537,90 €	CONCEDIDA	
11.685	P. C., A	M. P., E Nado o 28/09/10 F. P., A. Nado o 24/06/15	NAZARET FIXA	100%	1.075,80 €	CONCEDIDA	

*A data de efectos de recoñecemento do servizo será desde o 1 de outubro de 2018".*

**Expediente 3068/2017. Proposta do concelleiro de ensino e deportes de exención de taxa de matrícula do conservatorio por matrícula de honra (curso 2018-2019)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 28.09.2018 do concelleiro de ensino e deportes, referente a exención de taxa de matrícula do conservatorio pola obtención de matrícula de honra, que é como segue:

*"Vista a solicitude recibida nesta concellería por parte de E.V.M., DNI nº X, nai do alumno A.R.V. matriculado no curso 2017/2018 en cuarto curso do grao profesional LOE, na especialidade de percusión do Conservatorio Profesional de Música de Cangas, na que solicita que:*

*Lle sexa aplicada na matrícula do seu fillo a resolución do Decreto 89/2013, de 13 de xuño, no que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos nas ensinanzas de música, no referente ao artigo 7 punto 2 (matrículas de honra), onde se recolle que o alumno que obteña matrícula de honra nunha ou máis disciplinas, terá dereito a matrícula gratuíta no mesmo número de materias do curso seguinte, tal e como se acordou na sesión da Xunta de Goberno Local desenvolvida o 23 de maio de 2017 (Expte. nº 3068/2017).*

*As cualificacións acadadas polo interesado son as que se achegan en documentos anexos.*



*Fago a proposta de levar dita solicitude á Xunta de Goberno do concello para a súa valoración e aprobación".*

**Expediente 2237/2018. Proposta da Alcaldía para inicio do procedemento de contratación para a execución da obra “Mellora de abastecemento e/ou saneamento en Arneles, Gandón e Pepe Durán” (Plan concellos 2018)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentim  
ento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 01.10.2018, referente a incoación de procedemento de contratación para a execución da obra "Mellora de abastecemento e/ou saneamento en Arneles, Gandón e Pepe Durán", que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA*

*Visto o proxecto 'Mellora de abastecemento e/ou saneamento en Arneles, Gandón e Pepe Durán', redactado por S.N.L.F. e S.J.P.V., arquitectos da empresa OTIMA, por encargo do Concello de Cangas.*

*Vista a resolución da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra con data 14.09.2018 pola que se concede ao Concello de Cangas unha subvención no Plan Concellos por importe de cento vinte e dous mil catrocentos sesenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (122.467,35 €), para a execución do proxecto anteriormente citado.*

*Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.*

*Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

*PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a execución da obra 'Mellora de abastecemento e/ou saneamento en Arneles, Gandón e Pepe Durán', incluída no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2018).*

*SEGUNDO.- Que por secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*TERCEIRO.- Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.*

*CUARTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".*





**Expediente 4858/2018. Dación de conta de comunicación de empregado municipal para seguir activo como traballador do Concello no posto de conserxe**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
o

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 03.010.2018, referente a comunicación de continuidade no servizo activo de empregado municipal, que é como segue:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ESCRITO DE COMUNICACIÓN DE CONTINUIDADE NO SERVIZO ACTIVO**

*Visto o escrito con rexistro de entrada nº 11250, de data 19 de setembro do 2018, presentada polo empregado municipal E.G.F., con DNI nº X, no que expón que estando preto da idade de xubilación que se tería que facer efectiva o día 20 de decembro do 2018 ao cumprir os 65 anos, comunica a súa intención de prolongar a súa situación laboral de servizo activo.*

*Polo que propono á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da comunicación do empregado municipal, D. E.G.F., con DNI nº X, de data 19.09.2018, de seguir activo como traballador do Concello no posto de conserxe".*

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

**Expediente 311/2018.- Aprobación da conta xustificación da subvención para desenvolvemento do programa de prevención da violencia de xénero (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 08.10.2018, referente a aprobación de conta xustificativa de subvención concedida para o desenvolvemento do programa de prevención da violencia de xénero, que di o seguinte:

*"Que en relación coa axuda concedida polo importe de nove mil novecentos noventa e seis euros (9.996,00 €), para programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (C.P: SI435A) ao abeiro da Resolución do 12.06.2018 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 29.12.2017, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo FSE.*

*Visto o informe do interventor municipal e con base nas atribucións que teño conferidas,*



Concello de Cangas

*propoño á Xunta de Goberno Local:*

Primeiro.- *Aprobar a conta xustificativa da subvención para desenvolvemento do programa de prevención da violencia de xénero polo importe total de oito mil cincocentos noventa e tres euros con sesenta céntimos (8.593,60 euros), que todos os gastos están aprobados e pagados, segundo o seguinte desglose:*

*-Gastos directos persoal*

*Crece Psicología E03/2018.- 2.380,00 euros.*

*Crece Psicología E04/2018.- 2.380,00 euros.*

*Crece Psicología E06/2018.- 2.380,00 euros.*

*-Actividade complementaria*

*Andamiaxe Innova SI 35.- 960,00 euros.*

*-Gastos material*

*Crece Psicología E07/2018.- 300,00 euros.*

*A.M.M. (Aeme) 1806.- 193,60 euros.*

Segundo.- *Facer constar que en data do 11/07/2018 se recibiu un anticipo polo importe de sete mil corenta e nove euros (7.497,00 €).*

Terceiro.- *Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.*

Cuarto.- *Que de conformidade coa memoria redactada pola directora do CIM co desenvolvemento do programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida".*

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850